

Concurso de Resolución de Problemas

1º Centenario do nacemento de Martin Gardner

Convócase un concurso de resolución de problemas para alumnos do IES Xermán Ancochea Quevedo. Este concurso versará sobre a figura de Martin Gardner, do que se cumpre neste curso escolar o primeiro centenario do seu nacemento.

Martin Gardner.

Martin Gardner -nado en Tulsa, Oklahoma, o 21 de outubro de 1914 e finado en Norman, Oklahoma, o 22 de maio de 2010: foi un moi importante divulgador científico e filósofo da ciencia, especialmente popular polos seus libros de matemática recreativa. No ano 2014 cúmprense 100 anos do seu nacemento.

Organizadores.

Os organizadores do concurso son:

1. O Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística.
2. O Departamento de Matemáticas.

Participantes.

Poderá participar todo o alumnado matriculado neste centro no curso presente.

Categorías.

O alumnado poderá participar no Concurso en tres niveis ou categorías.

1. Primeiro nivel: alumnos/as de 1º ESO e 2º ESO.
2. Segundo nivel: alumnos/as de 3º ESO, 4º ESO, FPB e CM.
3. Terceiro nivel: alumnos/as de Bacharelato e CS.

Premios.

Concederánselles premios aos mellores participantes de cada nivel.

A entrega de premios realizarase nun acto nunha data por determinar.

Mecánica.

As probas consistirán na resolución de problemas de matemáticas propostos por Martin Gardner.

Cada venres, no recreo, publicaranse nos taboleiros de anuncios do Centro un ou varios problemas para cada categoría. Estes mesmos problemas tamén se publicarán, ben o mesmo venres ou ben o sábado pola mañá, na páxina web do Centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea/>.

Unha vez resoltos os problemas, entre o luns e o venres seguintes á publicación dos enunciados, entregarase unha folla coa resolución dos problemas e os datos do participante a calquera dos profesores de Matemáticas.

Se un mesmo participante entrega varias follas co problema resolto, puntuarase a última entregada.

Puntuación.

Outorgaranse 5 puntos a quen entregue os problemas resoltos correctamente o luns, 4 puntos a quen os entregue o martes, 3 puntos o mércores, 2 puntos o xoves e 1 punto o venres.

O tribunal poderá outorgar a metade dos puntos correspondentes a aqueles participantes que, sen ser correctos de todo, se acheguen á solución do problema proposto. Tamén se premiará a maiores a orixinalidade na resolución.

Clasificación.

Cada luns publicaranse, nos taboleiros de anuncios do Centro, as puntuacións obtidas por cada participante xunto coa clasificación provisional.

Solucións.

Cada luns, xunto coas clasificacións, publicaranse nos taboleiros do Centro as solucións dos problemas da semana anterior.

O tribunal.

O tribunal estará composto por profesores do Departamento de Matemáticas, sendo as súas decisións inapelables.